

O GREMIO RÉNDELLE HOMENAXE AO FALECIDO INTELCTUAL GALEGUISTA NUN ACTO CELEBRADO EN VIGO

Os escritores gaban o “silencioso” traballo de Fernández del Riego

A sede da Fundación Penzol que o de Lourenzá axudara a fundar hai 47 anos acolleu un acto na súa memoria

VÍCTOR SARRIEGO

GALICIA

cultura@xornaldeg Galicia.com

Tres meses despois do falecemento de Francisco Fernández del Riego, a fonda pegada que deixou tras de si na cultura galega volveu onte a pórse de manifesto na Casa Galega da Cultura de Vigo. Foi na oitava edición da homenaxe Os Bos e Xenerosos que a Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega (AELG) celebra cada ano como “acto de estudo e recoñecemento dunha figura ou colectivo que, pola súa dilatada actividade de intervención social, contribuíse á difusión da nosa cultura”.

Esta oitava edición dedicouse por unanimidade dos seus socios á figura de Don Paco polo “silencioso e incansábel traballo que mantivo aceso o facho da cultura galega en tempos moi difíciles”. A asemblea da AELG subliñou tamén a súa calidade de “referente, promotor, organizador, e dinamizador da literatura e a cultura galegas desde os principios irrenunciábeis dunha vida solidaria, xenerosa, coherente e entregada a uns valores sólidos que orixinan en nós a grandeza da verdadeira liberdade”.

A secretaria da asociación, Mercedes Queixas, salientou de Del Riego a súa “contribución á xeración literaria, cultural e social de Galicia así como o seu compromiso ético para o país coa súa vida e obra escrita”. O acto, que estivo presidido polo director da Fundación Penzol, Francisco Domínguez; o presidente da AELG, Cesáreo Sánchez, e o escritor e presidente da editorial Galaxia, Víctor Freixanes, celebrouse na sede da Fundación Penzol –situada na devandita Casa Galega da Cultura–, institución fundada precisamente por Del Riego hai xa 47 anos, dos que leva os últimos 26 na súa actual localización.

“Aquí viviu e segue vivo del Riego”, comezou dicindo Domínguez sobre esta institución que “facedes todos ben en visitar” asegurou, “porque este é o seu santuario, onde moitos outros virán atoparse con este patriarca xeneroso, para estu-



Cesáreo Sánchez entregalle unha placa conmemorativa á irmá de Del Riego, Ana María Fernández

SONIA DAPONTE

Galaxia publicará un dos últimos textos do autor, ‘Memorias dun xornalista’

Freixanes: “Foi unha figura sincera, íntegra, un patriarca das nosas letras”

dar a súa vida e a súa obra facendo del un exemplo, a mellor homenaxe que se lle pode facer”.

CONSTRUTOR DE PATRIA GALEGA

O director da Penzol concluíu dicindo que “aquí se atopa gran parte da súa produción literaria e da súa vida”, coas que “encheu as páxinas dunha época da historia de Galicia” creando co seu facer “un país máis orgulloso de si mesmo”. Por iso, continuou, “o que somos débemosllo á entrega xenerosa da súa vida á causa de Galicia”, engadindo que “el traballou nunha época na que afirmarse como galego precisaba coraxe e entrega convencida nuns tempos escuros e de represión, e aquí está tamén parte da súa vida, compromiso e entrega indubidable á súa xente e o seu pobo, chea de valentía e de bo

facер, constante, sen desmaio”. Unha traxectoria, ao cabo, que “todo o país agradece a quen foi o noso faro e guía, que nos levou e seguíranos levando a portos da nosa singradura a prol de Galicia”.

Cesáreo Sánchez evocou os tempos nos que como estudante en Madrid nos anos 70 andaba á busca de vellos libros galegos decatándose de que Penzol e del Riego “exerceron de rescatadores da memoria bibliográfica de Galicia que estaba a acoller de novo os libros do noso como fillos da diáspora que andaban polo mundo perdidos en anónimos camiños”, definindo a del Riego como “incansable editor que acompañou a outros escritores e os puxo en valor, o que para el era un acto de construción da patria galega”.

TRAXECTORIA INTELCTUAL

Freixanes evocou o tempo de don Paco como escritor, intelectual, político e sobre todo editor, director con Piñeiro de *Grial*, integrante do grupo Nós, membro do Partido Galeguista, do Consello Galego de Galeuzca, impulsor de Galaxia, académico e presidente da Real Academia Galega, director da biblioteca da Fundación Penzol e xenial recompilador de historias e memorias. De feito, o actual presidente de Galaxia aproveitou o acto

para anunciar, en breve, a publicación nesta editorial da crónica viaxeira escrita por del Riego nas súas últimas semanas de vida, *Memorias dun xornalista*.

Foi, sinalou, “unha figura sincera, íntegra, patriarca das nosas letras, guía de días difíciles, sementador de esperanza, rega de entusiasmos, músculo da construción nacional” e en tanto editor, “obreiro da edición, comprometido con todos e con cada un dos pasos da produción e difusión do fito galego”. Freixanes entregou unha placa conmemorativa á familia de del Riego, que foi recollida pola súa irmá, Ana María Fernández, que explicou que “dicir Paco é dicir Galiza, se a vida é o que somos e o que facemos. E Paco viviu en Galiza, de Galiza e para Galiza”.

Fernández deu no seu nome e no de toda a familia “graciñas” insistindo no termo que, “enxebre e sen tradución a idioma ningún e expresado en diminutivo, encerra en si mesmo todo o agarimo e agradecemento en aumentativo”. A homenaxe concluíu coa lectura de varios fragmentos de distintas obras de Francisco Fernández del Riego. ■

www.xornal.com

Opina sobre a traxectoria de Francisco Fernández del Riego na nosa web